

**VERÁN 2021**
*Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadia media e graos de ocupación en Estab. Hoteleiros. Verán 2021*

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 21/19	Nº	Var. Int. 21/19
<b>VIAXEIROS</b>	18.988.358	-24,5%	1.151.330	-4,0%
<b>NOITES</b>	60.889.406	-32,5%	2.623.490	-5,6%
<b>ESTADÍA MEDIA</b>	3,21	-10,6%	2,28	-1,7%
<b>% OCUPACIÓN</b>	58,98%	-15,01	59,37%	-0,80
<b>ADR</b>	109,67 €	3,2%	75,27 €	10,7 %
<b>RevPAR</b>	68,88 €	-16,1%	48,25 €	13,0 %

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

Na análise dos datos do verán cabe ter en conta que no período estival do pasado ano a situación da pandemia era diferente, con restricións de mobilidade, confinamentos perimetrais puntuais e localizados en zonas concretas de elevada incidencia, e parte da actividade turística –de aloxamento, restauración e demais- con apertura parcial. Por tanto, a comparativa interanual realízase sobre un período con cifras moi baixas e, en consecuencia, as porcentaxes de variación son altas. Engádense a comparación co ano 2019 para observar en que medida a recuperación da actividade se achega aos niveis previos á pandemia.

Neste contexto o INE estima que no verán ofertáronse de media en Galicia algo máis de 69 mil prazas nos hoteis e pensións da comunidade, cifra que supera nun 8,6% o dato do pasado ano pero que fica por debaixo do nivel rexistrado en 2019. O grao de recuperación da oferta supera levemente o 95% en relación aos niveis previos á pandemia.

**VERÁN 2021**

- A conxuntura turística no sector hoteleiro en Galicia consolida neste verán a recuperación iniciada a partir de marzo. Xa en abril se iniciara un cambio de tendencia que se confirmou en maio e en xuño, e que se reforzou agora no verán no sentido de que o nivel de demanda mellora gradualmente a súa recuperación logo dun ano con cifras moi baixas.
- Así, neste período rexistráronse en Galicia preto de 1,2 millóns de viaxeiros aloxados e algo máis de 2,6 millóns de noites, cifras que superan nun 74% e 72%, respectivamente, o dato do pasado ano e que supoñen máis do 95% do que se rexistraba no verán de 2019. A recuperación consolídase, os datos deste período son os mellores desde setembro do pasado ano, superan con creces as cifras de 2020 e achéganse máis que nunca aos niveis que se rexistraban na comunidade antes da crise.
- A tendencia positiva refórzase no sentido de que a recuperación vai achegando as cifras deste ano aos niveis de 2019, cun cambio notable en agosto. En maio Galicia rexistrara o 37% do volume previo á pandemia, porcentaxe que ascende ao 60% en xuño, ao 87% en xullo e que, por vez primeira desde o inicio da crise, supera o valor daquel ano en agosto. De feito neste oitavo mes

Galicia marca a segunda cifra máis elevada da serie histórica, co mellor comportamento a nivel estatal.

- Cunha perspectiva temporal máis ampla obsérvase que o nivel de demanda deste verán aseméllase ao rexistrado en 2018 e supera toda a serie anterior a 2016. Por tanto, aínda que non se recuperasen totalmente os niveis de 2019 si pode afirmarse que este verán o volume de demanda sitúase en valores propios de Galicia do último lustro.
- A nivel das comunidades autónomas obsérvase un comportamento relativamente parello mais con variacións de diversa intensidade. Neste sentido todas elas conseguen superar os niveis de demanda do pasado ano –con maior dinamismo os destinos insulares, Canarias e Baleares, xunto con Madrid e Cataluña- pero mantéñense por debaixo dos niveis acadados en 2019. Os destinos que conseguiron recuperar maior cuota de demanda –no sentido de que presentan caídas menos notorias respecto dos niveis previos á pandemia- localízanse no norte peninsular. Destaca Asturias co mellor comportamento a nivel estatal, pois rexistra un nivel semellante ao de 2019 –sitúase practicamente no 100% de recuperación-. Seguen a continuación Galicia –cunha porcentaxe de recuperación do 94%- , por diante de Cantabria, A Rioxa , Aragón e o País Vasco –todas con máis do 90% do valor de 2019-.
- No lado contrario, os destinos que continúan lonxe dos niveis previos á crise son xustamente os destinos insulares –Canarias e Baleares- xunto con Madrid e Cataluña –estas catro comunidades recuperan neste mes menos do 60% do total da demanda rexistrada no verán de 2019-.
- Neste contexto Galicia colócase, por tanto, nunha posición notable pois sitúase en segundo lugar no ranking de recuperación da demanda, en comparación cos niveis previos á pandemia. Este bo resultado cambia levemente en función do mes de referencia. En xullo Galicia ocupa o cuarto lugar en recuperación da demanda mais en agosto lidera este ranking sendo o único destino de España que supera o nivel de 2019.
- Confírmase neste verán, igual que nos meses anteriores, que con carácter xeral os destinos que máis sufriron as consecuencias da crise –aqueles insulares e os localizados no mediterráneo peninsular- son os que agora inician unha recuperación máis intensa en comparación coas cifras de 2020 pero continúan lonxe dos niveis previos á pandemia. En cambio, os destinos do norte peninsular aguantaron mellor as consecuencias da crise e conseguen situarse máis pronto en niveis previos á pandemia.
- No conxunto do Estado a recuperación da demanda sitúase no 67% en comparación cos niveis previos á crise, rexistrando preto de 60,9 millóns de pernoctacións.
- En termos de volume Galicia sitúase neste verán na sexta posición absorbendo o 4,3% do total estatal. Mellora levemente a súa posición habitual –normalmente ocupa o sétimo lugar aínda que en meses concretos de temporada baixa cae ao oitavo -, e sitúase por detrás dos principais destinos do Estado. Son neste verán, por orde de importancia, Baleares –con algo máis de 12,3 millóns de noites, Andalucía –con máis de 11,5 millóns-, Cataluña –con máis de 10,1 millóns-, Canarias –con preto de 7,3 millóns- e a C. Valenciana –con máis de 5,9 millóns neste caso-.
- O comportamento dos tres grandes segmentos de mercado difire levemente neste verán. Todos eles melloran notablemente as cifras do pasado ano mais presentan dinámicas dispares en relación ao 2019.

- O mercado interno, dos residentes en Galicia, mantén a tendencia positiva dos meses anteriores por canto rexistra niveis importantes de recuperación da demanda que superaron sempre aos restantes segmentos, pero que neste verán veuse superado polo receptor nacional. O turismo interno incrementa nun 26% a cifra do pasado ano e recupera o 95% da demanda de 2019, cifras notables que reflicten a importancia deste segmento na recuperación do sector. Con máis de 507 mil noites o mercado interno acada en 2021 a cifra máis elevada de toda a serie anterior a 2016 e cun nivel levemente inferior ao rexistrado no cuatrienio 2016-19. De feito, mantense por encima do medio millón de noites, marca superada xustamente no verán de 2016.
- O mercado receptor nacional é o que presenta mellor comportamento en termos relativos, superando non só o nivel do pasado ano –nun 87%- senón tamén a cifra de 2019 –nun 8,5% neste caso-. En realidade, con máis de 1,8 millóns de noites este segmento acada neste ano o máximo da serie histórica do período estival. Tal circunstancia rompe totalmente coa dinámica dos últimos meses pois ata o de agora a recuperación deste mercado ía moi lenta, limitada polas restricións impostas pola pandemia e a evolución da mesma.
- O mercado internacional continúa amosando dificultades para unha recuperación plena pero presenta agora no verán mellor comportamento do observado en meses anteriores. Dobra o volume de noites do pasado ano pero mantense na metade da demanda de 2019. Con máis de 270 mil noites este segmento continúa marcando mínimos históricos neste verán –obviando o dato de 2020-.
- A dinámica global dos tres grandes segmentos de mercado difire do observado nos últimos meses, o que provoca novos cambios na estrutura da demanda. O mercado interno, que habitualmente viña gañando peso e notoriedade, volve aos niveis previos á crise –cando menos neste verán- absorbindo o 19% do total da demanda hoteleira de Galicia. O mercado receptor nacional gaña representatividade e supón neste período o 70% do total –a porcentaxe máis elevada de toda a serie histórica-. Isto é, case dúas de cada tres noites hoteleiras deste verán corresponden ao mercado nacional procedente de fóra de Galicia, proporción nunca antes vista na nosa comunidade. Supera en case 10 puntos o peso que tiña antes da pandemia.
- O mercado internacional rexistra unha perda próxima aos dez puntos absorbindo o 10% do total – porcentaxe que supón un mínimo na serie histórica, semellante á do pasado ano-.
- A nivel territorial obsérvase tamén un comportamento parello da demanda, con pequenas diferenzas de intensidade. Neste sentido os datos a nivel provincial amosan niveis inferiores aos de xullo de 2019 pero a capacidade de recuperación difire levemente. Lugo é a provincia que presenta mellor comportamento en termos relativos por canto se achega ao nivel de demanda rexistrada antes da crise. En A Coruña e Ourense a capacidade de recuperación sitúase por encima do 95% mentres que en Pontevedra a porcentaxe baixa ao 90%.
- No mes de agosto a dinámica cambia levemente pois as provincias do norte de Galicia –A Coruña e Lugo- conseguen superar o nivel non só de 2020 senón tamén de 2019, marcando o mellor comportamento en termos relativos.
- Co 43,3% das noites hoteleiras –e máis de 1,1 millóns de pernoctacións- Pontevedra lidera por vez primeira neste ano o mercado turístico hoteleiro agora no verán –no primeiro semestre a provincia de maior peso é A Coruña-. Seguen en orde de importancia xustamente A Coruña –co 38,7% e pouco máis de 1,0 millón de noites-, Lugo –co 12,3%- e finalmente Ourense –co 5,8% do total da comunidade-.

- A estadía media hoteleira descende levemente neste verán –un 1,4% en particular- situándose en preto de 2,3 noites –a cifra máis baixa dos últimos catro anos-. Cunha perspectiva temporal máis ampla obsérvase que a estadía media hoteleira apenas variou de forma significativa nos últimos catro anos, manténdose no contorno de 2,3 noites.
- A estadía media en Galicia sitúase nunha posición intermedia no conxunto do Estado, superando o valor de oito comunidades. Canarias, con 5,9 noites, e Baleares, con 5,4 noites, son os destinos que neste verán marcan as cifras máis elevadas. No lado contrario Estremadura rexistra a cifra máis baixa, con pouco máis de 1,6 noites neste caso.
- O importante nivel de recuperación observado no lado da demanda leva a unha mellora notable dos niveis de ocupación. Neste verán superan en 21 puntos a cifra do pasado ano situándose ademais moi preto da porcentaxe rexistrada antes da pandemia –en concreto, no verán ocupáronse o 59,4% das prazas ofertadas, porcentaxe que ascendía ao 60,2% antes da crise. A recuperación dos niveis de ocupación é case plena e xustamente en agosto Galicia marca un máximo da serie histórica cun 69,7% de media.
- Cantabria e Asturias rexistran neste verán as cifras de ocupación máis altas do conxunto do Estado cun 70,1% de media a primeira e un 68,5% esta última. Seguen en orde de importancia, moi preto das anteriores, a C. Valenciana e o País Vasco –ambas no contorno do 67%-. No lado contrario Castela A Mancha marca a cifra máis baixa cun 35,8% de media. Neste contexto Galicia mellora a súa posición respecto do observado no primeiro semestre –cando rexistraba unha das cifras máis baixas do conxunto do Estado- e sitúase na parte media do ranking superando as porcentaxes rexistradas en once destinos nacionais –entre eles Canarias ou Cataluña-.
- As tarifas hoteleiras sitúanse en 75,3 euros, cifra que supón un máximo da serie histórica. Supera nun 11% o dato dos últimos dous anos –no verán pasado o ADR conseguira manterse en niveis previos á crise-. O bo comportamento da demanda acontece, por tanto, nun contexto de subas importantes das tarifas hoteleiras na comunidade.
- Esta mellora coloca o dato de Galicia nunha posición media en relación ás restantes comunidades autónomas, superando neste verán a cifra de nove destinos –habitualmente a nosa comunidade sitúase en posicións baixas, mesmo coas tarifas máis pequenas do Estado-. Baleares, con 146,8 euros, rexistra a cifra máis alta neste período estival, por diante de Andalucía –con 127,2 euros- e Canarias –con 106,9 euros-, marcando todas certa distancia cos restantes destinos do Estado.
- O bo comportamento da demanda e dos niveis de ocupación, nun contexto de mellora das tarifas hoteleiras, leva a que neste verán os establecementos hoteleiros de Galicia melloren notablemente os niveis de rendibilidade. Así, o RevPAR sitúase en 48,3 euros de ingreso medio por habitación dispoñible, a cifra máis alta da serie histórica. Os niveis de rendibilidade superan nun 76% a cifra do pasado ano 2020.
- Con esta cifra Galicia colócase nunha posición intermedia no conxunto do Estado, superando o valor observado en nove destinos. Baleares -con 95,3 euros- é o destino de maior rendibilidade hoteleira neste verán, por diante de Andalucía, o País Vasco e a C. Valenciana –que rexistran un nivel de rendibilidade por encima dos 75 euros-. A media do conxunto do Estado sitúase en 68,9 euros.
- En termos globais estímase que o sector hoteleiro de Galicia obtivo uns ingresos totais próximos aos 103 millóns de euros neste verán, cifra que supón tamén neste caso un máximo da serie histórica.

ANEXO – GRÁFICAS DE APOIO

Fig. 1. Evolución noites hoteleiras. Verán 2011-21




Fig. 2. Variación da demanda segundo a procedencia. Verán 2021/19




Fig. 3. Variación da demanda a nivel territorial (provincias). Verán 2021/19




Fig. 4. Evolución da estadia media. Verán 2011-21




Fig. 5. Evolución das tarifas hoteleiras (ADR). Verán 2013-21




Fig. 6. Evolución da rendibilidade hoteleira (RevPAR). Verán 2013-21

